**Concello de Viveiro**

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA DEZASEIS DE XULLO DE 2018. EXPTE. 4157/2018.**

**ASISTENTES:**
Dª. MARIA LOUREIRO GARCIA
D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ

**INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:**
Dº SERGIO AGUADO DELICADO

**SECRETARIA XERAL:**
Dª. MARILUZ BALSA RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 14:30 do dia 16 de xullo de 2018, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, Dª. María Loureiro García, e coa asistenza dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, asi como a da Secretaria Xeral, Dª. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en segunda convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros Dª. María Isabel Rodríguez López, Dª. Lara Fernández Fernández-Noriega e D. Emilio Villarmea Méndez.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo

Maria Luz Balsa Rabade (1 para 2)
SECRETARIA
Data de Sinatura: 17/07/2018
HASH: 1ba4a21599805a01b735c01cb971bacf

Maria Loureiro Garcia (2 para 2)
PRESIDENTA - ALCALDESA
Data de Sinatura: 18/07/2018
HASH: f0d7486c3452656413a72536c8704576b

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0029 Data: 17/07/2018

Cod. Validación: 3X7QTYP9PGF9LN4K2JGC2RG5E | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 29

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

## 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 09-07-2018.

Non existindo ningunha obxección, procédese á aprobación da acta da sesión de 9 de xullo de 2018.

## 2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.

**RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Por parte da Sra. Alcaldesa, Dª. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, que se corresponden cos seguintes expedientes: EXPTE. 4151/2018.- EXPTE. 4182/2018.- EXPTE. 4054/2018.-EXPTE. 4067/2018.- EXPTE. 4013/2018.- EXPTE. 3104/2018.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

## 3.- LICENZAS URBANÍSTICAS

**EXPTE. 4855/2017.- LICENZA DE OBRA.**

Vista a solicitude de licenza presentada por Dª. María del Mar Conde Otero, para a reforma interior con ampliacion e substitución de cuberta en vivenda unifamiliar existente no LG. CALVARIO, N.º 3- LANDROVE-VIVEIRO, con referencia catastral 27067A05600984000XK , polígono 56, parcela 984.

Coa solicitude achegou a seguinte documentación:

- Xustificante do aboamento dos tributos municipais;

- Proxecto básico e de execución en formato CD redactado pola arquitecta, Dº. Susana Pérez Pereiras, co visado regulamentario do COAG

_ Oficio de dirección facultativa a favor da indicada arquitecta.

A devandita documentación completouse co oficio de dirección facultativa a favor da indicada arquitecta o 16 de XUÑO, mediante escrito rexistrado de entrada, en resposto ao previo requirimento de subsanación.

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal, no que



Cod. Validación: 3X7QTYP9PGF9LN4K2JGC2RG5E | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 29

**Concello de Viveiro**

**Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147**

se indica o seguinte:

*"**INFORME DO ARQUITECTO***
*exp: 4855_2017*
*María del Mar Conde Otero*

***INFORME PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN***

***1. NORMATIVA APLICÁBEL***

| | |
|---|---|
| *Figura de planeamento municipal aplicábel* | *Ordenación Urbanística Provisional, OUP, Decreto 102/2006, modificada polo decreto 89/2010.* |

***2. INFORME SOBRE A SOLICITUDE:***

*2.1.- Clasificación e cualificación do solo*

*A clasificación do solo segundo a OUP é **solo de núcleo rural**. Ordenanza de aplicación 7.*

*2.2.- Descrición da edificación*

*Datos catastrais:*

*referencia catastral nº27067A056009840000XK, polígono 56, parcela 984. Calvario.*

*2.3.- Descrición das obras a realizar*

*Preséntase un proxecto de **reforma interior con ampliación e substitución de cuberta en vivenda unifamilar existente.** Regularízase a cuberta dispoñendo dous faldóns contínuos, modifícase a altura e a pendente da cuberta. As propostas adecúanse ao entorno onde se atopa atendendo á súa forma e materiais empregados incorporando solucións actuais integradas no conxunto.*

*2.4.- Cumprimento da normativa urbanística*

*Trátase de obras de rehabilitación con ampliación de edificación existente de caracter tradicional. Dáse cumprimento ao disposto no punto 7.2 da ordenanza de aplicación referido a condicións de edificación.*

| | PROXECTO | NORMATIVA |
|---|---|---|
| *Altura de cornixa* | *4,65 m* | *7,00 m* |
| *Pendente da cuberta* | *24 º* | *< 40º* |
| *Volume ampliado* | *< 50 %* | *< 50%* |

*Cumpre co disposto na lei 2/2016 do Solo de Galicia no artigo 40 referido a edificacións existentes de carácter tradicional en solo rústico. Mantéñense as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria.*

*2.5.- Cumprimento da normativa técnica aplicábel*

*A arquitecta Susana Perez Pereiras fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicábel.*

*2.6.- Orzamento*

*O orzamento de execución material segundo o proxecto presentado ascende a cantidade de **20.310,54 €***

*Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.*

*2.7.- Condicionamentos*

*As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do contorno.*

*2.8.- Fianza*

*Establécese unha fianza de **1.200,00 €** en concepto de garantía para reparación de posíbeis danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.*

***3. CONCLUSIÓNS:***

*Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicábel emítese **INFORME FAVORÁBEL**, nas CONDICIÓNS expresadas nos puntos anteriores."*

Visto o informe xurídico favorable emitido polos servizos xurídicos do



Cod. Validación: 3X7QTYP9PGF9LN4K2JGC2RG5E | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 29

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Concello, no que se indica o seguinte:

*“**Expediente:** 4855/2017*

***Procedemento:** Licenza Urbanística obra en LG. CALVARIO, N.º 3- LANDROVE-VIVEIRO*

***REF. CATASTRAL:** 27067A05600984000XK*

***Promotor:** MARIA DEL MAR CONDE OTERO*

***INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCION***

*En relación co expediente relativo á licenza urbanística para a realización de obras de REFORMA INTERIOR CON AMPLIACION E SUSTITUCIÓN DE CUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE, promovido por MARIA DEL MAR CONDE OTERO emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no artigo 172 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, con base ós seguintes,*

***ANTECEDENTES***

***PRIMEIRO.** Con data 21 de agosto de 2017 foi presentada por MARIA DEL MAR CONDE OTERO solicitude de licenza urbanística para a REFORMA INTERIOR CON AMPLIACION E SUSTITUCIÓN DE CUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR existente no LG. CALVARIO, N.º 3- LANDROVE-VIVEIRO, con referencia catastral 27067A05600984000XK , polígono 56, parcela 984*

*Coa solicitude achegou a seguinte documentación:*

*- xustificante do aboamento dos tributos municipais;*

*- proxecto básico e de execución en formato CD redactado pola arquitecta Susana Perez Pereiras, co visado regulamentario do COAG*

*_ Oficio de dirección facultativa a favor da indicada arquitecta*

*A devandita documentación completouse co oficio de dirección facultativa a favor da indicada arquitecta o 16 de XUÑO, mediante escrito rexistrado de entrada, en resposto ao previo requirimento de subsanación.*

***SEGUNDO:** En cumprimento co disposto no artigo 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, emitiuse informe técnico en sentido favorable á concesión da licenza urbanística para a realización das actuacións antes sinaladas. A clasificación do solo no que se ubica o inmoble obxecto das actuacións propostas é o de núcleo rural, resultándolle de aplicación a ordenación prevista no punto 7 do Anexo do Decreto 102/2006, polo que se aproba a ordenación urbanística provisional; e dase cumprimento ao disposto no artigo 40 da LSG respecto de actuacións en edificacións existentes de carácter tradicional*

*Aos anteriores feitos resultanlles de aplicación as seguintes,*

***CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS***

***PRIMEIRA:** A licenza urbanística ten por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo especificados no artigo 142.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Entre tales actos, a letra a) do precepto citado menciona os actos que precisen de proxecto de obras consonte a normativa xeral de ordenación da edificación.*



Cod. Validación: 3X7QTYP9PGF9LN4K2JGC2RG5E | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 29

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

*E conforme dispón o artigo 2.2, letra b) da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación, requiren de proxecto as intervencións sobre os edificios existentes, sempre e cando alteren a súa configuración arquitectónica entendendo por tales, entre outros aspectos, a variación esencial da composición xeral exterior.*

*En consecuencia, o procedemento aplicable ao outorgamento da licenza para a rehabilitación da vivenda unifamiliar é o establecido no artigo 143 LSGa*

***SEGUNDA**: O procedemento para levar a cabo a concesión da licenza urbanística é o seguinte:*

*A. Presentada solicitude de licenza urbanística por MARIA DEL MAR CONDE OTERO á que se fixo achega da documentación esixida pola normativa vixente (artigo 143,3 da Lei 2/2016), fanse precisos, de conformidade co establecido no artigo 143.2 da mesma Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, informe técnico e xurídico dos Servizos Municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística; facendose constar, no referido informe técnico, se fose necesario algún outro informe ou autorización doutra Administración ou da Comunidade Autónoma, de forma tal que, de ser precisos aqueles, o Concello remitiralles o expediente para que emitan informe en materia das súas competencias; informes todos eles que deberán constar no procedemento que nos ocupa con carácter previo á concesión da licenza.*

*B. Emitidos os informes preceptivos, e previo informe-proposta de resolución, corresponderá á Alcaldía, como órgano competente en aplicación do previsto no artigo 21.1 q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 61.1 o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en relación co artigo 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia resolver sobre o outorgamento da licenza.*

*C. Na Resolución da licenza deberán facerse constar os seguintes extremos esixidos no artigo 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, a saber:*

- *Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.*
- *Finalidade da actuación e uso ó que se destinará.*
- *Altura, volumes e ocupación de parcelas permitidos.*
- *Orzamento de execución material.*
- *Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito*
- *Nome ou razón social da persoa promotora*
- *Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras*
- *Prazos para o inicio e a terminación das obras e posibilidade de solicitar prórrogas*

*D. A Resolución de Alcaldía será notificada ós interesados na forma esixida pola normativa en materia de procedemento administrativo común, contando o órgano municipal competente cun prazo máximo para resolver, en virtude do artigo 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, de tres meses, a contar dende a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.*



Cod. Validación: 3X7QTYP9PGF9LN4K2JGC2RG5E | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 29

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

*Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local, por delegación de atribucións da Alcaldía ditada mediante resolución de 3 de xullo de 2015.*

***PROPOSTA DE RESOLUCIÓN***

***PRIMEIRO.*** *Conceder a MARIA DEL MAR CONDE OTERO licenza urbanística para a REFORMA INTERIOR CON AMPLIACION E SUSTITUCIÓN DE CUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR existente no LG. CALVARIO, N.º 3- LANDROVE-VIVEIRO, con referencia catastral 27067A05600984000XK , polígono 56, parcela 984 , de acordo coas seguintes determinacións:*

***A)*** *As obras axustaranse na súa execución ao proxecto técnico e ás Memorias presentados xunto coa solicitude e ás Normas de planeamento vixentes na localidade, debéndose respectar a máis o establecido no Plan ou estudo de seguridade aportado.*

***B)*** *As mesmas terán que comezar nun prazo máximo de seis meses a partir da notificación da presente resolución, sendo en todo caso a duración máxima de execución da obra de tres anos, a contar tamén a partir da notificación desta resolución.*

***c) CONDICIONS ESPECÍFICAS*** *recollidas no informe técnico que obra no expediente do seguinte tenor literal:*

> *"As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do contorno."*

***SEGUNDO.*** *Notificar a presente resolución ao interesado aos efectos oportunos.*

*DATOS A CONSIGNAR NA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DA LICENZA, DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 357.4 DO DECRETO 143/2016, DO 22 DE SETEMBRO, POLO QUE SE APROBA O RDUGa*

| | |
|---|---|
| Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación | SOLO DE NÚCLEO RURAL |
| Finalidade da actuación e uso ó que se destinará. | AMPLIACIÓN E SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR (USO RESIDENCIAL) |
| Altura, volumes e ocupación de parcelas permitidos. | Altura de cornixa<br>4,65 m 7,00 m<br>Pendente da cuberta 24 º<br>< 40º<br>Volume ampliado<br>< 50 % < 50%<br>VOLUME INICIAL: 338,66 M3<br>VOLUME REFORMADO: 428,27 M3 |
| Orzamento de execución material. | 20.310,54 EUROS |
| Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito | LG. CALVARIO, N.º 3- LANDROVE-VIVEIRO,<br>**referencia catastral** 27067A05600984000XK , |



Cod. Validación: 3X7QTYP9PGF9LN4K2JGC2RG5E | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 29

**Concello de Viveiro**

EXCMO. CONCELLO DE VIVEIRO (LUGO)

**Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147**

| | |
|---|---|
| | polígono 56, parcela 984 |
| Nome ou razón social da persoa promotora | *MARIA DEL MAR CONDE OTERO* |
| Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras | ARQUITECTA: SUSANA DIAZ PEREIRAS<br><br>DIRECCIÓN OBRA: SUSANA DIAZ PEREIRAS |

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnica de urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder a Dª. Maria del Mar Conde Otero, licenza urbanística para a reforma interior con ampliacion e substitución de cuberta en vivenda unifamiliar existente no LG. Calvario, N.º 3-Landrove, en Viveiro, con referencia catastral 27067A05600984000XK , polígono 56, parcela 984, de acordo coas seguintes determinacións:

**A)** As obras axustaranse na súa execución ao proxecto técnico e ás Memorias presentados xunto coa solicitude e ás Normas de planeamento vixentes na localidade, debéndose respectar a máis o establecido no Plan ou estudo de seguridade aportado.

**B)** As mesmas terán que comezar nun prazo máximo de seis meses a partir da notificación da presente resolución, sendo en todo caso a duración máxima de execución da obra de tres anos, a contar tamén a partir da notificación desta resolución.

**C) CONDICIONS ESPECÍFICAS** recollidas no informe técnico que obra no expediente do seguinte tenor literal:

*"As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do contorno."*

*DATOS A CONSIGNAR NA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DA LICENZA, DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 357.4 DO DECRETO 143/2016, DO 22 DE SETEMBRO, POLO QUE SE APROBA O RDUGa*

| | |
|---|---|
| Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación | SOLO DE NÚCLEO RURAL |
| Finalidade da actuación e uso ó que se destinará. | AMPLIACIÓN E SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR (USO RESIDENCIAL) |
| Altura, volumes e ocupación de parcelas permitidos. | Altura de cornixa<br>4,65 m 7,00 m<br>Pendente da cuberta 24 º<br>< 40º<br>Volume ampliado<br>< 50 % < 50% |



Cod. Validación: 3X7QTYP9PGF9LN4K2JGC2RG5E | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 29

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

| | |
|---|---|
| | VOLUME INICIAL: 338,66 M3<br><br>VOLUME REFORMADO; 428,27 M3 |
| Orzamento de execución material. | 20.310,54 EUROS |
| Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito | LG. CALVARIO, N.º 3- LANDROVE-VIVEIRO,<br><br>**referencia catastral** 27067A05600984000XK , polígono 56, parcela 984 |
| Nome ou razón social da persoa promotora | *MARIA DEL MAR CONDE OTERO* |
| Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras | ARQUITECTA: SUSANA DIAZ PEREIRAS<br><br>DIRECCIÓN OBRA: SUSANA DIAZ PEREIRAS |

Segundo.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

**EXPTE. 4878/2017.- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL.**

Visto que na Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 11 de xuño de 2018, se adoptou o acordo de concesión da licenza municipal de obras a Dª. Virginia Mateos García, para levar a cabo as obras de construción de tres apartamentos turísticos para establecemento de turismo rural en Montecelo, Galdo, en Viveiro, situados nas parcelas catastrais con referencias 27067A033004960000XI e 27067A033004980000XE, segundo o proxecto básico-reformado redactado polo Arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy, cuia solicitude foi tramitada co número de expediente GESTIONA expediente 4878/2017).

Visto o informe proposta de rectificción de erro material emitido pola técnico de urbanismo, no que sinala que:

"(...)

*"Revisado o acordo de concesión da licenza, advirtíuse por esta asinante que, no informe xurídico e proposta de resolución asinado por esta técnico de urbanismo en data 8 de xullo de 2018, na tabla que se recolle no punto segundo figuran como "1.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL: 71805,00 €" e como " 3.- Fianza-garantía posibles danos no espazo público: 0 €".*

*Segundo o informe do arquitecto municipal, o importe do orzamento de execución material ascende a cantidade de 145.778,00 € e a contía da fianza é de 2.500 euros, polo que se produciu un erro na transcrición do importe no momento de redactar a proposta de resolución.*

*De acordo co disposto no artigo 109,2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.*



Cod. Validación: 3X7QTYP9PGF9LN4K2JGC2RG5E | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 29

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

*En virtude do que antecede, formúlase a seguinte* ***PROPOSTA:***

*Que pola Xunta de Goberno se proceda á rectificación de oficio do erro material contido no punto segundo (táboa parámetros urbanísticos) do acordo adoptado o 11 de xuño de 2018 , substituindo a súa redacción pola que se insire a continuación:*

*"1.- Orzamento de execución material:* ***145.778,00*** *€"*
*" 3.- Fianza-garantía posibles danos no espazo público:* ***2.500,00*** *€"*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Rectificar de oficio o erro material contido no punto segundo (táboa parámetros urbanísticos) do acordo adoptado o 11 de xuño de 2018 , substituindo a súa redacción pola que se insire a continuación:

"1.- Orzamento de execución material: 145.778,00 €"
" 3.- Fianza-garantía posibles danos no espazo público: 2.500,00 €"

Segundo.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan e comunicación á Tesourería municipal respecto á obriga de constitución da fianza de 2.500,00 euros en concepto de garantía dos posibles danos no espazo público.

## 4.- RECOÑECEMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

## EXPTE. 3932/2018.- RELACION DE OBRIGAS CON REPARO.

Vista a relación de obrigas correspondente ao expte. 3932/2018.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 29 de xuño de 2018, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Mª CARMEN ÁLVAREZ ANDRADE**, por un importe total de **403,20 €**, que constan no expediente **3932/2018.**

Resultando que en data 10 de xullo de 2018, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparto formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

*"Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:*

*"1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de* ***403,20 €****.*

*2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso."*

*O reparo suspensivo se motiva na desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior*



Cod. Validación: 3X7QTYP9PGF9LN4K2JGC2RG5E | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 29

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

*a un ano.*

*Ante a falta de medios persoais suficientes no Concello de Viveiro nestes momentos para poder actualizar e adecuar á vixente normativa todos os contratos existentes na actualidade e que viñeron perdurando ao longo do tempo, resulta preciso realizar unha planificación contractual, co obxectivo de poder tramitar todos os expedientes de contratación necesarios dun xeito paulatino e asumible polo persoal do que se dispón no servizo de contratación, cumprindo cuns principios de concorrencia, publicidade e mais principios contractuais establecidos pola normativa en materia de contratación pública.*

*Para a realización desta planificación por esta Alcaldía solicitouse ao Departamento de Contratación que recabase dos departamentos os datos necesarios para realizar unha proposta de planificación contractual.*

*As facturas obxectos do reparo corresponden* ***a Mª CARMEN ÁLVAREZ ANDRADE****, pola suscripción diaria de distintos xornais para o centro sociocultural de Covas.*

*Resultando que en data 10 de abril de 2018, por parte do funcionario administrativo do Servizo de Contratación, se emitiu informe relativo á planificación contractual, no que se inclúe o contrato para o servizo de adquisición de xornais, referindo que a súa tramitación se realizará por orde cronolóxica dende o día no que se entreguen os correspondentes pregos de prescricións técnicas de cada expediente.*

*Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:*

*I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.*

*II. Tendo en conta que na planificación contractual referida se inclúe este servizo.*

*III. Tendo en conta que este servizo resulta básico para contribuír no acceso da mocidade deste municipio aos estudos de nivel secundario e que, en tanto non se tramite o oportuno expediente de contratación, é preciso continuar coa súa prestación.*

*IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto, este se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acredor.*

*Esta Alcaldía dita a seguinte RESOLUCIÓN:*

*1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV."*

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente **3932/2018.**

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

**EXPTE. 3933/2018.- RELACION DE OBRIGAS CON REPARO.**



Cod. Validación: 3X7QTYP9PGF9LN4K2JGC2RG5E | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 29

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Vista a relación de obrigas correspondente ao expte. 3933/2018.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 29 de xuño de 2018, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **PABLO BALSEIRO BLANCO**, por un importe total de **255,80 €**, que constan no expediente **3933/2018.**

Resultando que en data 10 de xullo de 2018, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparto formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

*"Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:*

*"1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de **255,80 €**.*

*2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso."*

*O reparo suspensivo se motiva na desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior a un ano.*

*Ante a falta de medios persoais suficientes no Concello de Viveiro nestes momentos para poder actualizar e adecuar á vixente normativa todos os contratos existentes na actualidade e que viñeron perdurando ao longo do tempo, resulta preciso realizar unha planificación contractual, co obxectivo de poder tramitar todos os expedientes de contratación necesarios dun xeito paulatino e asumible polo persoal do que se dispón no servizo de contratación, cumprindo cuns principios de concorrencia, publicidade e mais principios contractuais establecidos pola normativa en materia de contratación pública.*

*Para a realización desta planificación por esta Alcaldía solicitouse ao Departamento de Contratación que recabase dos departamentos os datos necesarios para realizar unha proposta de planificación contractual.*

*As facturas obxectos do reparo corresponden **a PABLO BALSEIRO BLANCO**, pola suscripción diaria de distintos xornais para órganos de goberno.*

*Resultando que en data 10 de abril de 2018, por parte do funcionario administrativo do Servizo de Contratación, se emitiu informe relativo á planificación contractual, no que se inclúe o contrato para o servizo de adquisición de xornais, referindo que a súa tramitación se realizará por orde cronolóxica dende o día no que se entreguen os correspondentes pregos de prescricións técnicas de cada expediente.*

*Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:*

*I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.*

*II. Tendo en conta que na planificación contractual referida se inclúe este servizo.*

*III. Tendo en conta que este servizo resulta básico para contribuír no acceso da mocidade deste municipio aos estudos de nivel secundario e que, en tanto non se tramite o oportuno expediente de contratación, é preciso continuar coa súa prestación.*



Cod. Validación: 3X7QTYP9PGF9LN4K2JGC2RG5E | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 29

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

*IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto, este se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acredor.*

*Esta Alcaldía dita a seguinte RESOLUCIÓN:*

*1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV."*

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente **3933/2018.**

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

**EXPTE. 3936/2018.- RELACION DE OBRIGAS CON REPARO.**

Vista a relación de obrigas correspondente ao expte. 3936/2018.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 29 de xuño de 2018, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Mª CARMEN LAGE LÓPEZ**, por un importe total de **231,80 €**, que constan no expediente **3936/2018.**

Resultando que en data 10 de xullo de 2018, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparto formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

*"Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:*

*"1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de **231,80 €**.*

*2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso."*

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0029 Data: 17/07/2018

Cod. Validación: 3X7QTYP9PGF9LN4K2JGC2RG5E | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 29

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

*O reparo suspensivo se motiva na desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior a un ano.*

*Ante a falta de medios persoais suficientes no Concello de Viveiro nestes momentos para poder actualizar e adecuar á vixente normativa todos os contratos existentes na actualidade e que viñeron perdurando ao longo do tempo, resulta preciso realizar unha planificación contractual, co obxectivo de poder tramitar todos os expedientes de contratación necesarios dun xeito paulatino e asumible polo persoal do que se dispón no servizo de contratación, cumprindo cuns principios de concorrencia, publicidade e mais principios contractuais establecidos pola normativa en materia de contratación pública.*

*Para a realización desta planificación por esta Alcaldía solicitouse ao Departamento de Contratación que recabase dos departamentos os datos necesarios para realizar unha proposta de planificación contractual.*

*As facturas obxectos do reparo corresponden* ***a Mª CARMEN LAGE LÓPEZ****, pola suscripción diaria de distintos xornais e revistas para a biblioteca municipal.*

*Resultando que en data 10 de abril de 2018, por parte do funcionario administrativo do Servizo de Contratación, se emitiu informe relativo á planificación contractual, no que se inclúe o contrato para o servizo de adquisición de xornais, referindo que a súa tramitación se realizará por orde cronolóxica dende o día no que se entreguen os correspondentes pregos de prescricións técnicas de cada expediente.*

*Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:*

*I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.*

*II. Tendo en conta que na planificación contractual referida se inclúe este servizo.*

*III. Tendo en conta que este servizo resulta básico para contribuír no acceso da mocidade deste municipio aos estudos de nivel secundario e que, en tanto non se tramite o oportuno expediente de contratación, é preciso continuar coa súa prestación.*

*IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto, este se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acredor.*

*Esta Alcaldía dita a seguinte RESOLUCIÓN:*

*1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV."*

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente **3936/2018.**



Cod. Validación: 3X7QTYP9PGF9LN4K2JGC2RG5E | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 29

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

**EXPTE. 3939/2018.- RELACION DE OBRIGAS CON REPARO.**

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expte. 3939/2018.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 29 de xuño de 2018, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **MAXCONTROL NOROESTE SLU**, por un importe total de **1.517,95 €**, que constan no expediente **3939/2018.**

Resultando que en data 10 de xullo de 2018, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparto formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

*"Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:*

*"1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de **1.517,95 €**.*

*2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso."*

*O reparo suspensivo se motiva na desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior a un ano.*

*Tendo en conta que as facturas reparadas se corresponden á empresa **MAXCONTROL NOROESTE SLU**, polos informes analíticos e muestreos realizados na piscina municipal, fontes e parque empresarial.*

*Tendo en conta que ante a falta de medios persoais suficientes no Concello de Viveiro nestes momentos para poder actualizar e adecuar á vixente normativa todos os contratos existentes na actualidade e que viñeron perdurando ao longo do tempo, resulta preciso realizar unha planificación contractual, co obxectivo de poder tramitar todos os expedientes de contratación necesarios dun xeito paulatino e asumible polo persoal do que se dispón no servizo de contratación, cumprindo cuns principios de concorrencia, publicidade e mais principios contractuais establecidos pola normativa en materia de contratación pública.*

*Para a realización desta planificación por esta Alcaldía solicitouse ao Departamento de Contratación que recabase dos departamentos os datos necesarios para realizar unha proposta de planificación contractual.*

*Resultando que en data 10 de abril de 2018, por parte do funcionario administrativo do Servizo de Contratación, se emitiu informe relativo á planificación contractual, no que non se inclúe o contrato do servizo de analíticas para o control sanitario e medioambiental.*

*Tendo en conta por parte desta Alcaldía se comunicou ao Departamento de Contratación a necesidade de incluír este contrato na planificación contractual realizada.*

*Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:*

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0029 Data: 17/07/2018

Cod. Validación: 3X7QTYP9PGF9LN4K2JGC2RG5E | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 29

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

*I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.*

